

## AVE ALBERTO, AER SAÚDATE!

Por unha vez e sen que sirva de precedente, temos que louvar a figura do noso POLÍTICO local (con maiúsculas) por excelencia; Alberto Pazos.

Nos tempos que corren, deu un exemplo coma ningún político español, que dicimos, europeo, mundial, universal.....

D. Alberto Pazos declarou que gañaba máis do que en realidade lle pagaron. Solidario el, declarou na Xunta que tiña recibido do Concello de Redondela 25.000€ cando en realidade no Concello só consta que lle pagaron 14.000€.

Queremos pensar que o fixo para cotizar máis IRPF e axudar a levantar ¡España, coño! aínda que algúns da agrupación insisten en que foi por chulería.

Acabaremos nomeando a D. Alberto persoeiro do ano en Redondela. Grazas polo seu exemplo. Se tódolos políticos fixeran o mesmo .....

Que ninguén se alporice nin dubide das nosas informacións, porque se de algo podemos presumir é de que non damos puntada sen fío.

- O documento do Concello só se publicará co expreso permiso de D. Alberto

[http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaDeclaracionDeBens/Pazos%20Cou%C3%B1ago,%20Jos%C3%A9%20Alberto\\_090004562.pdf](http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaDeclaracionDeBens/Pazos%20Cou%C3%B1ago,%20Jos%C3%A9%20Alberto_090004562.pdf)